



Moción do BNG AA de Pantón para executar os labores de roza no territorio municipal de Pantón

Co obxectivo de levar ao próximo Pleno da Corporación Municipal de Pantón, e incluílo na orde do día

EXPOÑO:

Que na actualidade a meirande parte do territorio está sen rozar, aumentando os perigos viarios para camiñantes, falta de visibilidade, aumento de riscos de lume, imaxe cara ao turismo, entre outros, e tras o inexistente xestión realizada o verán pasado, é importante realizar estes traballos antes de rematar o período estival, no que ademais aumenta a poboación e o tránsito de persoas pola nosa rede viaria

Téñanse en conta, as desastrosas consecuencias que polos desafortunados incidentes relacionados cos lumes tivemos, e se ben estes non son culpa directa dos gobernos municipal nin provincial, si a falta de mantemento da rede viaria e dos arredores que o único que fixo foi aumentar a perigosidade,

Polo que, **SOLICITO:**

Dende o Grupo Municipal do BNG:

A realización urxente das rozas nas vías de titularidade municipal, e o emprazamento urxente á Deputación provincial, por parte desta Corporación, para que sen máis dilación se proceda a rozar e/ou mondar todas as vías do noso concello.

En Castillón, a Martes 10 de xullo do 2018.

Rosa Ana Prieto Florines

Asdo: Rosa Ana Prieto Florines

Voceira Municipal do grupo BNG-AA de Pantón.